



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de vento metal (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

##### ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000031

Mediante Decreto 707/2023, do 04 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de profesor/a de conservatorio, especialidade vento-metal, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobado a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de profesor/a do conservatorio, especialidade vento-metal, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Riveira Pena, Abel	***4735**	Sí	- Non aporta certificado de servizos prestados das Administracións Públicas que alega no apartado 6.2.1a.2)

##### b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	del Río Otero, Alfonso	***3845**	Si	1, 2, 3
2	Naval Chaves, Xiana	***9030**	Sí	2, 4

##### CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) A solicitude non se presenta na sede electrónica do Concello das Pontes (base 5.1 das bases da convocatoria)
- (2) A declaración responsable non se axusta ao que establece o artigo 5.2a) das bases específicas
- (3) O título académico presentado está incompleto: reverso ilexible
- (4) Non presenta o título académico esixido nas bases específicas

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados, indicados no apartado de “Observacións” e que non se xuntou coa solicitude, da persoa aspirante admitida, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación deberá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 04 de abril de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/2580